



Prego de Prescricións Técnicas

Subministración de Cesión de Dereitos de Uso e Soporte sobre o produto SPSS Statistics Premium e Amos Campus Edition, ou equivalente

CPV 48000000

Paquetes de software e sistemas de información

Maio, 2024

ÍNDICE

1	Antecedentes	1
2	Obxeto	1
2.1	Alcance	1
2.2	Universidades participantes	3
2.3	Duración do contrato, Prazo de execución	3
2.4	Actualizacións	3
2.5	Localización	3
2.6	Horarios de prestación de servizos	3
2.7	Prazos de execución	3
3	Requirimentos e valoracións	3
3.1	Características Requiridas	3
3.2	Avaliación de propostas	4
4	Contorna tecnolóxica	4
4.1	Comunicacións	4
4.2	Soporte técnico de mantemento	4
5	Responsabilidade da empresa adxudicataria	5
	Anexo I	i

1 Antecedentes

Actualmente, o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria de Galicia (en diante CIXUG) a través da contratación por tres anos realizada en xullo do 2021 achega ás tres universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia, en diante as Universidades do SUG, as licenzas dos produtos IBM SPSS Statistics Premium e IBM SPSS Amos que requiren no seu desenvolvemento didáctico e investigador.

Este proceso de contratación tense realizado deste xeito, dado que:

- o As tres Universidades do SUG necesitan contar cun programa estatístico para utilizar nas áreas técnicas, de ciencias sociais e aplicadas, tanto para a docencia, como para a investigación.
- o IBM SPSS/Amos é a referencia mundial no campo de software estatístico.
- o Durante moitos anos docentes e investigadores das Universidades do SUG, incorporaron este produto no seus planes de formación, modelos de simulación dos grupos de investigación e na carteira de exercicios de múltiples materias.
- o As tres Universidades do SUG requiren facer contratacións de servizos similares.
- o Actualmente está vixente un contrato do CIXUG por tres anos que abarca ás tres universidades do SUG.
- o O proceso de contratación individual pode requiren moito esforzo por parte do persoal TIC e de contratación de cada unha das Universidades do SUG.
- o Os produtos poden ser contratado de xeito consolidado, o que permite un aforro no proceso de licitación e compra, supoñendo tamén unha óptima xestión dos recursos públicos asociados.
- o A contratación pode realizarse por un período de tres anos.

Sendo así, acordouse xestionar novamente a contratación a través do CIXUG da subministración da cesión de dereitos de uso e soporte por un novo período de tres anos que abarque parte do 2024, todo o 2025 e 2026 e parte do 2027.

2 Obxecto

2.1 Alcance

O obxecto do contrato é a contratación de 116 CVUs (Campus Value Units) dos produtos IBM SPSS Statistics Premium e 102 CVUs IBM SPSS Amos, ambos produtos, Campus Edition, ou equivalente, que lle permitan obter os dereitos de despregue, uso e soporte para as Universidades que forman parte do Consorcio CIXUG (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), en diante as Universidades do SUG, no período 2024 ao 2027.

Especificamente, a través do presente proceso perséguese:

- o Contratar 116 SPSS e 102 CVUs Amos para dar cobertura a un número estimado, para as tres Universidades do SUG, de 49.000 estudantes, a través dunha concorrência de 450 licenzas SPSS (dos produtos indicados no seguinte

apartado) concorrentes e 3.000 autorizadas e 150 licenzas AMOS concorrentes e 50 autorizadas. Todo isto para os usuarios das tres universidades, os cales poden utilizar diferentes versións dos produtos indicados que teñan soporte de IBM.

- Contratar os produtos IBM SPSS Statistics Premium Campus Edition e IBM Amos Campus Edition, ou equivalente, incluíndo todos os módulos detallados (ou equivalentes) a continuación:
 - IBM SPSS Statistics Premium
 - IBM SPSS Statistics Base
 - IBM SPSS Advanced Statistics
 - IBM SPSS Categories
 - IBM SPSS Conjoint
 - IBM SPSS Custom Tables
 - IBM SPSS Forecasting
 - IBM SPSS Regression
 - IBM SPSS Bootstrapping
 - IBM SPSS Missing Values
 - IBM SPSS Complex Samples
 - IBM SPSS Data Preparation
 - IBM SPSS Direct Marketing
 - IBM SPSS Exact Test
 - IBM SPSS Decision Trees
 - IBM SPSS Neural Networks
 - IBM SPSS Amos
- Ofrecer os devanditos produtos e módulos, detallados no punto anterior, a todas as persoas participantes da comunidade universitaria, principalmente ao profesorado, persoal investigador, persoal administrativo e alumnado, para ser utilizados en calquera instalación da universidade, incluíndo salas de estudo, salas de informática, despachos de persoal docente e de investigación, entre outras, sempre dentro das actividades académicas e de investigación sen fins de lucro.
- Poder utilizar os produtos e módulos, nos domicilios do persoal docente e investigador e do alumnado, de xeito ilimitado en equipos de propiedade das Universidades do SUG ou dos usuarios da comunidade universitaria.
- Ter a posibilidade de instalar diferentes versión do produto en cada unha das universidades, dependendo da necesidade particular de cada universidade.
- Dispor deste servizo as 24 horas do día, 7 días á semana e os 365 días do ano.
- Poder xestionar a asignación de licenzas das diferentes Universidades do SUG de xeito dinámico por universidade e por versión do produto requirido, a través de ferramentas proporcionadas polo provedor, pero administradas polo persoal do CIXUG e/ou das Universidades do SUG sen a necesidade de participación

do provedor.

2.2 Universidades participantes

As universidades participantes serían as Universidades do SUG:

- Universidade de A Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo

2.3 Duración do contrato, Prazo de execución

- Tres anos, a contar dende a data de formalización do contrato.

2.4 Actualizacións

Ao longo da duración do contrato e durante o proceso de sinatura, posterior á adxudicación, só se permitirán actualizacións, por parte do adxudicatario, de modificación dos produtos solicitados nesta que leven melloras, tanto en funcionalidades como en novas librarías que se incorporen ás actuais, sen que isto supoña maior custe para o CIXUG.

2.5 Localización

O presente contrato non require da presenza física, nas instalacións do CIXUG nin das Universidades do SUG, de persoal do provedor, podéndose realizar a interacción co persoal do CIXUG e das Universidades do SUG a través de medios de comunicación remota: vía telefónica, videoconferencias, correo electrónico ou calquera outra, a maiores, que se acorde entre ambas partes.

Utilizarase en todo momento o medio máis apropiado para lograr o obxectivo buscado, á elección do CIXUG e das Universidades do SUG.

2.6 Horarios de prestación de servizos

Aínda e cando o servizo deberá estar dispoñible as 24 horas, os sete días da semana (7 x 24), o soporte técnico que deberá fornecer o provedor a través de chamadas telefónicas ou correos electrónicos, e deberá estar dispoñible entre as 9:00 e 20:00 horas CET ou CEST, de luns a venres.

2.7 Prazos de execución

O licitador procederá á execución das prestacións totais da subministración de forma inmediata á sinatura do contrato. O produto e a plataforma para xerar as claves de activación deberán estar dispoñibles nas 24 horas seguintes á solicitude. O retraso inxustificable na entrega da subministración por causa imputable ao contratista poderá ser caso de resolución do contrato.

3 Requirimentos e valoracións

3.1 Características Requiridas

No Anexo I do presente documento detállanse os produtos, módulos e

características que deben formar parte integral da oferta presentada polo licitador. Todos eles son produtos e aplicacións asociados á IBM SPSS Statistics Premium e IBM SPSS Amos, ambos produtos, Campus Edition. Se un licitador presenta un produto equivalente a IBM SPSS Statistics Premium e IBM SPSS Amos, ambos produtos, Campus Edition debe ter un equivalente, con TODAS e cada unha das funcionalidades, de TODOS e cada un dos produtos, módulos e características presentadas no dito Anexo.

As empresas licitadoras deberán indicar **obrigatoriamente**, para cada un dos elementos descritos no **Anexo I**, si compren co requisito da seguinte forma:

- **Si**
 - O produto proposto pola empresa licitadora na licitación cumpre có requisito na súa versión actual.
- **Non**
 - O produto proposto pola empresa licitadora non cumpre có requisito na súa versión actual ou non conta cunha solución equivalente.

3.2 Avaliación de propostas

- Todos os produtos ou aplicacións esixidos no Anexo I, teñen **carácter obrigatorio**.
- No caso de que algún requisito non sexa respondido de xeito afirmativo ou non se indique explicitamente pola empresa licitadora **ningunha resposta** ou se verifique, á vista da documentación presentada, que incumpre o previsto no presente PPT, esta **quedará automaticamente excluída da fase de valoración**.

4 Contorna tecnolóxica

4.1 Comunicacións

A conectividade das Universidades do SUG con Internet está garantida ao formar parte da rede de I+D nacional, IRIS-Nova. Pode consultarse a estrutura da rede nacional, así como os seus puntos de presenza nas Universidades do SUG e a conectividade con redes externas en <http://www.rediris.es/lared/>.

A alta dispoñibilidade desta rede de comunicacións, a súa alta capacidade e a capilaridade que se consegue a través da súa extensión nas Universidades do SUG a través da rede de comunicacións interna facilita o uso de plataformas software externas á institución explotadas en modo remoto, así como a alta dispoñibilidade para o acceso externo das plataformas software instaladas nas Universidades do SUG.

4.2 Soporte técnico de mantemento

O soporte técnico proporcionado como parte do Servizo de Mantemento de Software estará dispoñible por teléfono, web e correo electrónico, once (11) horas por día

de 9:00 a 20:00 CET ou CEST, de luns a venres, excluídos os días festivos e outros períodos de tempo de inactividade programados e avisados oportunamente polo provedor. Soamente o persoal técnico autorizado polo CIXUG e as Universidades do SUG poderán solicitar soporte á empresa adxudicataria.

Para prestar o soporte o provedor proporcionará ao equipo técnico do CIXUG e das Universidades do SUG:

- a) Unha dirección web con recursos de documentación, exemplos e titorías de uso para os distintos produtos das familias IBM SPSS Statistics Premium e IBM SPSS Amos, ambos produtos, Campus Edition ou equivalente, que incorpore todos os produtos das familias indicadas.
- b) Acceso a unha base de datos de preguntas e respostas frecuentes (FAQ).
- c) Acceso a IBM SPSS Statistics Premium e IBM SPSS Amos, ambos produtos, Campus Edition ou equivalente que proporciona unha contorna de colaboración para atopar as mellores respostas ás preguntas dos usuarios sobre IBM SPSS Statistics Premium e IBM SPSS Amos, ambos produtos, Campus Edition e produtos relacionados.
- d) A un teléfono de contacto con custo de chamada local para a xestión de consultas e incidencias.
- e) Acceso a unha ferramenta de ticketing para problemas de activación, instalación e relacionados con erros.
- f) Os datos de contacto (teléfono e correo electrónico) do soporte do Customer Success Specialist.

5 Responsabilidade da empresa adxudicataria

No que se refire aos termos xerais na prestación de servizos, a empresa adxudicataria debe cumprir os requisitos impostos neste Prego e no Prego de Cláusulas Administrativas do presente concurso, incluíndo os relativos a protección de datos, confidencialidade, ciberseguridade e propiedade intelectual.

No marco do presente servizo, a empresa adxudicataria comprométese a:

- Designar a un interlocutor co CIXUG e ás Universidades do SUG, para labores de coordinación global, así como interlocutores con responsabilidade sobre a prestación de cada un dos servizos descritos.
- Usar os recursos que o CIXUG e as Universidades do SUG poñan á súa disposición cos fins exclusivos que se describen neste documento.

- Realizar un seguimento da prestación do servizo, achegando evidencias en forma de indicadores, cumprimento de niveis de servizo.

Santiago de Compostela á data da firma electrónica.

D. Antonio López Díaz
Presidente

Anexo I

Produtos, módulos e características primordiais

Dispoñible en
Versión Actual

Produto, Módulo e/ou Funcionalidade		Cumprimento	Si	Non
IBM SPSS Statistics Premium		Imprescindible		
IBM SPSS Statistics Base		Imprescindible		
	Descriptive statistics	Imprescindible		
	Prediction models	Imprescindible		
	Data preparation	Imprescindible		
	Correlations	Imprescindible		
	Classification	Imprescindible		
	Bootstrapping	Imprescindible		
	Graphs and charts	Imprescindible		
	Output options	Imprescindible		
IBM SPSS Advanced Statistics		Imprescindible		
	General linear models (GLM)	Imprescindible		
	Generalized linear models (GENLIN)	Imprescindible		
	Linear mixed models/hierarchical linear models (HLM)	Imprescindible		
	Generalized estimating equations (GEE) procedures	Imprescindible		
	Generalized linear mixed models (GLMM)	Imprescindible		
	Multiple SPSS Statistics packages	Imprescindible		
	Survival analysis procedures	Imprescindible		
IBM SPSS Categories		Imprescindible		
	Analyze differences between categories	Imprescindible		
	Incorporate supplementary information	Imprescindible		
	Uncover associations and relationships	Imprescindible		
	Easily work with categorical data	Imprescindible		
	Use categorical regression procedures	Imprescindible		
	Take advantage of optimal scaling	Imprescindible		
	Present your results clearly using perceptual maps	Imprescindible		
	Get these optimal scaling and dimension reduction techniques	Imprescindible		
IBM SPSS Conjoint		Imprescindible		

Produto, Módulo e/ou Funcionalidade		Cumprimento	Si	Non
	Save time and money with Orthoplan	Imprescindible		
	Rank respondents' preferences	Imprescindible		
	Generate charts and get results	Imprescindible		
	Design more effective sample surveys	Imprescindible		
	See all module features in license versions	Imprescindible		
	Compare different SPSS Statistics packages	Imprescindible		
IBM SPSS Custom Tables		Imprescindible		
	Graphical user interface	Imprescindible		
	Summary statistics	Imprescindible		
	Content control	Imprescindible		
	Table output	Imprescindible		
	Access to a range of features	Imprescindible		
IBM SPSS Forecasting		Imprescindible		
	Guided analysis for novice users	Imprescindible		
	More options for experienced analysts	Imprescindible		
	Model management	Imprescindible		
	Tailored to your business	Imprescindible		
IBM SPSS Regression		Imprescindible		
	Binary logistic regression	Imprescindible		
	Logit response models	Imprescindible		
	Multinomial logistic regression	Imprescindible		
	Nonlinear regression	Imprescindible		
	Probit response analysis	Imprescindible		
	Two stage least squares	Imprescindible		
	Weighted least squares	Imprescindible		
	Quantile regression	Imprescindible		
IBM SPSS Bootstrapping		Imprescindible		
	Estimate standard errors and confidence intervals	Imprescindible		
	Test stability of analytical models, procedures across SPSS	Imprescindible		
	Easily control the number of bootstrap samples	Imprescindible		
	Gain a more complete view of your data	Imprescindible		
IBM SPSS Missing Values		Imprescindible		
	Multiple imputation procedure	Imprescindible		
	Multiple imputation analysis	Imprescindible		
	Summary of missing values	Imprescindible		
	Variable summary and missing value patterns	Imprescindible		

Produto, Módulo e/ou Funcionalidade		Cumprimento	Si	Non
IBM SPSS Complex Samples		Imprescindible		
	Accurate analysis of survey data	Imprescindible		
	Regressions and general linear models	Imprescindible		
	Wizards	Imprescindible		
	Sample design information	Imprescindible		
	See all Module features in license versions	Imprescindible		
	Compare different SPSS Statistics packages	Imprescindible		
IBM SPSS Data Preparation		Imprescindible		
	Variables tab	Imprescindible		
	Basic checks	Imprescindible		
	Standard and custom rules	Imprescindible		
	Recommendations	Imprescindible		
	Prepare data in a single step — automatically	Imprescindible		
	Additional options for data preparation	Imprescindible		
	Access to a range of features	Imprescindible		
	Bin or set cut points for scale variables	Imprescindible		
IBM SPSS Direct Marketing		Imprescindible		
	Identify the right contacts and improve campaign ROI	Imprescindible		
	Get an all-in-one marketing analysis	Imprescindible		
	Easily uncover customer groups	Imprescindible		
	Connect to Salesforce.com for further insight	Imprescindible		
	Easily uncover customer groups	Imprescindible		
	Access to a range of features	Imprescindible		
	Easily get started with SPSS Direct Marketing	Imprescindible		
IBM SPSS Exact Test		Imprescindible		
	Get the tests and statistics you need	Imprescindible		
	Ensure you have the right statistical test for your data	Imprescindible		
	Easily interpret and apply exact tests	Imprescindible		
	Eliminate risk of inaccurate tests	Imprescindible		
	Get access to a range of features	Imprescindible		
	Easily get started with SPSS Exact Tests	Imprescindible		
IBM SPSS Decision Trees		Imprescindible		
	Tree classification model	Imprescindible		
	Validation and analysis	Imprescindible		
	Evaluation features	Imprescindible		
	Export capabilities	Imprescindible		

Produto, Módulo e/ou Funcionalidade			Cumprimento	Si	Non
		CHAID algorithm	Imprescindible		
		Exhausted CHAID algorithm	Imprescindible		
		Access complete list of features	Imprescindible		
		Classification and regression tree algorithm	Imprescindible		
		QUEST algorithm	Imprescindible		
		IBM SPSS Neural Networks	Imprescindible		
		Nonlinear procedures	Imprescindible		
		Network visualization	Imprescindible		
		Graphical displays	Imprescindible		
		Control the process	Imprescindible		
		Combine with other procedures	Imprescindible		
		IBM SPSS Amos	Imprescindible		
		Easy data entry	Imprescindible		
		Access to a range of features	Imprescindible		
		Structural equation modeling	Imprescindible		
		Compare different SPSS Statistics editions	Imprescindible		